



Mancomunidad de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL UN ADMINISTRATIVO/A E UN ENQUISADOR/A – ENTREVISTADOR/A PARA O SERVIZO “COMPOSTAXE E CONTAINERIZACIÓN”

1. OBXETO

O obxecto da presente convocatoria é a selección dun Administrativo e un Enquisador/a-Entrevistador/a de entre o persoal remitido pola oficina de Emprego por un período de SEIS MESES para a praza de Administrativo e SEIS MESES para a praza de Enquisador/a-/Entrevistador/a (Improrrogables) para prestar os seus servizos na Mancomunidad de Concellos do Morrazo (Pontevedra)

2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a. Ser español, ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais suscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no Tratado constitutivo da UE.
- b. Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d. Non estar incurso en suposto de incompatibilidade conforme a lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e/ou Lei 5/1985 Orgánica do Réxime Electoral Xeral.
- e. Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto.
- f. Posuir carnet de conducir tipo B
- g. Acreditar o coñecemento do Idioma Galego

3. TIPO DE CONTRATO E XORNADA DE TRABALLO

A modalidade contractual será contrato laboral de duración determinada, na modalidade de contrato por obra ou servizo, segundo o disposto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 1/95 de 24 de Marzo polo que se aproba o Texto Refundido dos Estatuto dos Traballadores, desenvolto nese extremo polo artigo 2 do Real Decreto 2720/1998 de 18 de decembro, sendo o servizo: “Compostaxe e Containerización.”



Mancomunidad de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)

O contrato de duración determinada por un período de seis meses para o Administrativo/a e seis meses para o enquisador/a-entrevistador/a e a xornada de traballo será a tempo completo establecida en 37,5 horas semanais

O horario de traballo adaptarase á zona que se visite no día ou si se trata do volcado de datos en oficina

O contrato que se formalice terá un período de proba de un mes.

Funcións:

As tarefas a realizar serán as seguintes:

- Atención e información cidadán
- Colaboración na xestión de expedientes e na organización de actividades
- Traballo de campo consistente en recollida de datos con elaboración de cuestionarios e transmisión de información ós usuarios do servizo. Recollida de suxerencias e indicacións sobre o uso axeitado dos medios para o depósito do lixo. Elaboración en oficina de balance de resultados, traslado de suxerencias etc. (No caso de enquisadores-Entrevistadores)
- As propias á praza a que opta no que afecta á praza de Administrativo

4. RETRIBUCIÓN

As retribucións brutas/mes serán de 1.531,28€ para o posto de Administrativo e 1.454,57€ brutas mes para os Enquisadores-Entrevistadores (Os conceptos de Seguridade Social Empresa-traballador e Prorrateo pagas extras están incluídos).

5. SOLICITUDES

O persoal remitido polo INEM e que accedan a tomar parte no procedemento selectivo para esta contratación deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro da Mancomunidad nos dez quince días seguintes en que reciban a citación do INEM.

Esta solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación

- Curriculum Vitae
- DNI ou NIE
- Documentos que acrediten os méritos alegados na fase de concurso
- Vida Laboral
- Declaración xurada de cumprir os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

Os méritos non acreditados conforme o establecido nestas bases non serán tidos en conta pola comisión de Valoración.



Mancomunidade de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)

Os documentos presentaranse en copia debidamente autenticada.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de concurso de méritos con entrevista para os Enquisadores, con base nos seguintes criterios.

A) Cursos de formación relacionados co posto:

- Cursos, seminarios e xornadas de menos de 20 horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos seminarios e xornadas de 20 a 60 horas lectivas 0,20 puntos por curso
- Cursos, seminarios e xornadas de 60 ou máis horas: 0,40 puntos por curso.

Aqueles cursos en que non se especifique o número de horas serán valorados con 0,05 puntos por curso

A puntuación máxima neste apartado será de CINCO PUNTOS

B) Coñecemento do Galego

- Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- Por estar en posesión do Celga 2: 0,20 puntos
- Por estar en posesión do Celga 3 ou curso de Iniciación de lingua Galega: 0,30 puntos
- Por estar en posesión do Celga 4 ou curso de perfeccionamento de Lengua Galega: 1,00 punto

Valorarase o certificado ou curso de nivel superior.

C) Experiencia Profesional:

- Por servizos prestados no posto na Administración Local: 0,1 puntos por mes.
- Por servizos prestados no posto noutra Administración pública: 0,05 puntos por mes.
- Por servizos prestados noutras entidades privadas en funcións similares ós postos convocados: 0,01 puntos por mes traballado.

A Experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de vida laboral actualizada máis contratos e/ou certificado de Servizos prestados.

A puntuación máxima neste apartado será de DEZ PUNTOS.

ENTREVISTA: A Comisión valoradora reunirse co fin de entrevistar ós aspirantes que presentaron solicitude para optar á praza de Enquisador



Mancomunidade de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)

mediante publicación no taboleiro do Concello en que conste a residencia e que versará sobre os seguintes temas:

Lei de residuos de Galicia:

Artigo 4.- Definicións.

Artigo 5.- Competencias das entidades locais en materia de residuos.

Artigo 38.- Obrigas de quen produce, posúa e xestione residuos.

Artigo 60.- Infraccións.

A puntuación máxima neste apartado será de TRES PUNTOS.

7. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A Comisión de Valoración estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

- Lucía Artime Alonso (Secretaria da Mancomunidade) ou funcionario que a substitúa

VOGAIS:

- D. Miguel Santirso Fernández (Interventor da Mancomunidade)
- D. Jaime Sixto García (Tesoureiro da Mancomunidade)

SECRETARIA:

- Araceli C. Pérez Morán (Auxiliar Administrativo na Mancomunidade)

Actuando como Asesora da Comisión Valoradora Alexandra Rey Quinteiro.

A Comisión de valoración non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros, sendo necesaria para a válida constitución a presenza do Presidente e Secretario.

A Comisión de valoración poderá dispoñer á incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, que se limitarán a prestar a súa colaboración na especialidade técnica.

Os membros da Comisión de valoración estarán suxeitos ós supostos de abstención ou recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Os membros da Comisión de Valoración resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adotar as medidas necesarias que garanten a debida orde nas mesmas en todo o non previsto nas Bases.

A actuación da Comisión de Valoración rexeranse polas presentes bases, e de xeito supletorio rexeranse polo disposto na Legislación Local referida ó funcionamento dos órganos colegiados (art. 146 ROF) e no previsto nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992 de 26 de Novembro.



Mancomunidade de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)

8. CUALIFICACIÓN FINAL

A Cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso para a praza de Administrativo/a e a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso + entrevista no caso da praza de Enquisador/a-Entrevistador/a

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes éste resolverase a favor do aspirante con maior titulación.

De persistir o empate resolverase finalmente a favor do aspirante con maior experiencia profesional.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

Finalizado o proceso selectivo a Comisión valoradora fará publicas no taboleiro de edictos da Mancomunidade a relación definitiva con indicación de nome e apelidos, DNI dos aspirantes seleccionados e a puntuación obtida, outorgando un prazo de reclamación de tres días hábiles a contados dende o seguinte ó da publicación do resultado provisional.

Transcurrido este prazo e unha vez resoltas as posibles reclamacións procederase á publicación da relación definitiva. Esta relación será elevada ó Presidente da Mancomunidade con proposta de nomeamento dos candidatos seleccionados.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION

Dentro do prazo de cinco días naturais a contar dende o seguinte á publicación da relación de aprobados no lugar indicado na base anterior os aspirantes propostos pola Comisión valoradora presentará no Rexistro da Mancomunidade os seguintes documentos:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza.
- A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada, salvo os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se comprobara que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases, non será nomeado e quedarán anuladas as actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que incurrira por falsedade na solicitude de participación.

Presentada a referida documentación e sendo conforme o Sr. Presidente acordará a súa contratación como persoal laboral nas condicións sinaladas nas presentes bases, que será notificado ó interesado que deberá formalizar contrato de traballo no prazo de 3 días a contar dende a notificación. En caso contrario sen que mediase causa xustificada perderá todos os dereitos á contratación acordada. En Tal suposto a contratación efectuarase previo



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo
Bueu (Pontevedra)*

cumprimento dos correspondentes requisitos a favor do aspirante que tivera a seguinte maior puntuación.

Os aspirantes non seleccionados entrarán a formar unha lista de reserva para o caso de renuncia da persoa/s seleccionada/s.

11. IMPUGNACIÓN E REVOCACIÓN DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria, bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das acutacións da Comisión valoradora poderán ser impugnadas nos casos e nas formas previstas na Lei 30/1992, sendo vinculantes para a administración convocante, Comisión valoradora e aspirantes que participen no proceso.

En calquer momento e sempre antes da finalización do prazo para a presentación de solicitudes polos aspirantes o Sr. Presidente poderá modificar ou deixar sen efecto a convocatoria mediante a adopción da resolución correspondente que será publicada polos mesmos medios que a convocatoria. A presentación de instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo constitue sometemento expreso dos aspirantes ás bases reguladoras do mesmo que teñen consideración de Lei reguladora desta convocatoria, sen perxuízo da aplicación da normativa vixente en materia de selección de persoal.